



Secretaria

Actividade Planificación e Ordenación de Persoal

Procedemento Planificación e Ordenación de Persoal

Código SIA

Expediente 2292/2022.- REGULAMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL NO CONCELLO DE MUGARDOS 2022/2428/2024.- Documentación Mesa Xeral de Negociación

Trámite Informe.- Informe proxecto regulamento carreira profesional para aprobación inicial

Paula E. Ramos Díaz, funcionaria de administración Local con habilitación de carácter nacional, secretaria do concello de Mugar dos Seguros, de conformidade co establecido no artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se presta aprobación ao Regulamento do réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito

- Expediente 2292/2022 aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona no que para os efectos da emisión do presente informe constan:
 - a) Informe de secretaria de 17.02.2023, 24.03.2023 e 14.02.2025
 - b) Proposta de cambios e redacción asinada de forma conxunta pola intervención e secretaría con data 22 e 23 de xuño de 2025.
- Expediente MXN/2025/2 aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona xustificativo da elevación do expediente á aprobación da Mesa Xeral de Negociación en sesión realizada con data 26 de xuño de 2025.

Consideracións xurídicas.

1. Aspectos xerais aplicables

O réxime actual aplicable á elaboración de normas regulamentarias polas entidades locais ven contemplado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, cuxos preceptos (artigos 128 a 123), deben ser insertados no procedemento xeral descrito no artigo 49 e 69 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.



A elo debe unirse o establecido co carácter de normativa supletoria no Real decreto 931/2017, de 27 de outubro, polo que se regula a Memoria do análise de impacto normativo.

De tal xeito no presente informe verificarase:

- Réxime de participación cidadán aplicable en virtude do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro: fases de consulta pública e audiencia e participación pública.
- Inclusión e contido da memoria de do análise de impacto normativo.
- Obxectivos da iniciativa regulamentaria. Ámbito propio da regulación. Adecuación do contido proposto á normativa aplicable e procedemento a seguir.

2. Ámbito específico suxeito a regulación

2.1. Aspectos suxeitos a regulación. Obxetivos da iniciativa. Adecuación dos contidos propostos á normativa aplicable. Carreira horizontal. Marco Normativo

Déixase constancia de que o documento de proposta definitiva asinouse de forma conxunta por intervención e secretaría con data 22 e 23 de xuño de 2025 pese ao erro producido na convocatoria da MXG, remitíndose tan só coa sinatura de intervención.

Polo que neste informe levarase a cabo unha comparativa entre as conclusións realizadas no previo informe de secretaría de 14 de febreiro de 2025 e a proposta de texto asinada:

- “...xustificación na súa exposición de motivos ou proposta previa, da habilitación normativa respecto da posible aplicación como lexislación supletoria a marcada no RDL 6/2023, de 19 de decembro conforme ao establecido nos arts. 90.2º, 92.1º e 93 da LBRL, sen prexuízo das consideracións realizadas...”.

Emenda realizada introducindo unha nova exposición de motivos na que se motiva tal extremo.

- “...De motivación que se trata dun sistema transitorio en tanto non se desenvolvan as previsións respecto do réxime retributivo do art. 137 LEPG...”.

A proposta de texto asume de forma expresa na exposición de motivos a súa natureza transitoria en tanto non se desenvolvan pola Xunta de Galicia as previsións da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, relativas ao sistema de retribucións complementarias establecidas no seu artigo 137.

- “...Non existe un sistema nin de carácter transitorio de avaliación do desempeño...”.

A proposta contempla unha Disposición Transitoria Primeira na que se regula o



sistema de avaliación do desempeño en tanto non que aproba un Regulamento para tal fin. Prazo no que poderase contar, no seu caso, con normativa de desenvolvemento máis epecífica tanto neste ámbito como respecto do complemento retributivo.

No caso de que esta última entrase en vigor e non sen que o concello de Mugardos aprobase o seu Regulamento, deberá ditarse unha Instrucción indicativa dos aspectos desprazados e os compatibles.

- “...A proposta de regulación ten un carácter formal e nominativa a salvo na concreción de importes, horas de formación e anos para pasar de grao. O que provocará problemas de aplicación que deberá levarse a cabo caso por caso o que poda provocar merma da igualdade e discrecionalidade na toma de decisións. Sen que se aprecie que o texto cumpra cos criterios de boa regulación normativa...”.

A partir do establecido nos artigos 5, 6, 1, 12 e o contido da DT 1ª se consideran mellorados ditos aspectos que pasan a ter un carácter regrado tanto no procedemento a seguir como na determinación de obxectivos xerais e itinerarios e accións formativas.

En tanto se leva a cabo a súa tramitación deberá desenvolverse a base documental e procedimental (Fichas soporte e procesamento electrónico).

- “....A avaliación dom cumprimento debe ser encomendado polo servizo/departamento de Persoal, mediante a posta de marcha dun procedemento electrónico...”.

Recollido na DT1ª coa indicación xa realizada.

- Debe respectarse seguindo o marcado no art. 122 do Real Decreto -lei 6/2023, do 19 de decembro respecto da integración dos sistemas de carreira horizontal e promoción vertical e acceso a un novo grupo e subgrupo.

En termos xerais e sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario como se indica na DT 1ª , a proposta contempla os requisitos marcados en dito precepto:

- a) Art. 122.1º: artigo 2 e 3.
- b) Art. 122.2º: art. 4 e 5
- c) Art. 122.3º: art. 5, 6 e DT 1ª.
- d) Art. 122.4º e 5º: art. 5 e 9.
- e) Art. 122.6º: art. 6.
- f) Art. 122.7º: art. 5
- g) Art. 122.8ª: DA 1ª Convenio colectivo persoal laboral do concello de Mugardos (BOP 05.11.2019) remite, se interpreta, ao que sinala a normativa



común sobre función pública (Lei de emprego público de Galicia en desenvolvemento do sinalado Real Decreto Legislativo /2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), entre outras, en mataría de carreira profesional.

Consta realizada negociación colectiva segundo o establecido no artigo 37.1º do Real Decreto Legislativo /2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público conforme consta no expediente administrativo 2292/2022, sendo a última Mesa Xeral de Negociación a realizada con data 26.06.2025.

- “...A composición e réxime de sesións da Comisión de Seguimento e Valoración non se adapta ao réxime de órganos colexiados da LRXSP...”

Recollido no art. 7 da proposta.

- “...Recoméndase a inclusión dunha disposición transitoria que contemple a determinación de obxectos xerais e específicos por parte de alcaldía ou concellería delegada da que se dese conta á Comisión de Seguimento que permita alinear a formación ás necesidades do concello...”.

Contemplado no art. 7 e da DT 1ª.

- Debería realizarse, en defecto doutras medidas de maior alcance como a RPT, un estudo que permita desenvolver o sistema de formación por competencias profesionais de forma complementaria á fixación de obxectivos.

A ter en conta como obxectivo nas posibles modificacións da RPT.

3. Réxime de participación cidadá. Memoria de análise do impacto normativo

3. 1. Réxime de participación cidadá

Cadro xustificativo da necesidade de proceder a realizar trámites de participación cidadá		
Indicadores	<u>Criterios normativos</u>	Efectos na propia organización
	<u>Obxectivos</u>	Carreira profesional
	<u>Ámbito de aplicación</u>	Persoal funcionario de carreira do concello de Mugardos e persoal laboral
	<u>Impactos sociais e económicos</u>	Económicos cuantificados en función da asignación económica por grao máis non nos sociais sobre os impactos que poda xerar en termos de calidade dos servizos públicos ou en colectivos específicos.
	<u>Alternativas</u>	De xeito complementario ou



		transitorio, desenvolvemento criterios produtividade
--	--	---

3.2. Principios de boa regulación. Memoria abreviada do análise de impacto normativo.

Consideracións xa realizadas nas que se advirten deficiencias na aplicación dos principios marcados no artigo 129 LPAC.

Así mesmo verifícase a presenza dos ítems a recoller no modelo abreviado de memoria de análise de impacto normativo:

Memoria abreviada análise impacto normativo		
Indicadores normativos (artigo 3 RD 931/2017, de 27 de outubro)	<u>Oportunidade da norma e título habilitantes</u>	Exposición de motivos a partir do Título III, Capítulo II TRLEBEP; LEPG, RDL 6/2023, de 19 de decembro; arts, 90.2º, 92.1º e 93 LBRL
	<u>Obxectivos</u>	a) Recoñecer a achega do persoal municipal á mellora da calidade dos servizos públicos. b) Outorgar un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional e individual. c) Fomentar a cultura do compromiso do persoal municipal co sistema da función pública, promovendo actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación. d) Lograr un maior grao de motivación que permaneza ao longo da súa vida laboral como xeito de propiciar a mellora dos servizos públicos.
	<u>Impactos presupuestarios e de igualdade de xénero, xuventude e terceira idade</u>	Non cuantificados
	<u>Consultas realizadas</u>	Acordo adoptado pola MXN 19.12.2024 e 26.06.2025

3. Procedemento

Realizada negociación nos termos do artigo 37 TRLEBEP e emitido ditame pola Comisión informativa de Facenda e Promoción Económica ou de Urbanismo, Rehabilitación, Mobildidade e Réxime Interior, de acadarse no seu caso, no seu caso, a



aprobación provisional polo pleno por maioría simple (art. 22.2º.e) 47.1º LBRL), deberán desenvolverse os seguintes trámites:

a) Publicación dos acordos provisionais: BOP A Coruña, taboleiro de anuncios municipal e Portal de transparencia institucional. Notificación individualizada ás forzas sindicais con representación na Mesa Xeral de Negociación e de forma colectiva e complementaria, a conxunto de persoal do concello.

b) Exposición ao público durante 30 días hábiles

c) Presentación de reclamacións polos interesados e resolución das mesmas, no seu caso e aprobación definitiva do seu texto. No caso contrario, o acordo ata entón provisional acadará o carácter de definitivo.

De presentarse alegacións que podan dar lugar a unha modificación substancial do seu texto, será necesario nova fase de información pública. As alegacións deberán ser postas en coñecemento para o seu coñecemento á Mesa Xeral de Negociación antes da súa resolución, sen que poda afectar á postestade de autoorganización do concello.

d) Publicación do texto íntegro no boletín oficial da provincia e transcurso do prazo de 15 días hábiles ao que se refire o artigo 65.2º LBRL.

e) A oposición ao contido do Regulamento finalmente aprobado poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo.

Elo sen prexuízo de que con carácter potestativo se poda abrir unha fase de consulta, audiencia e información pública conforme ao art. 133 LRXSP con carácter previo á aprobación plenaria, xa que se está a aplicar unha interpretación ampla de normas de carácter organizativo.

Conclusión:

Acredítase a superación das incidencias realizadas no previo informe de 14 de febreiro de 2025 respecto ao seu contido.

Debe avanzarse en paralelo á tramitación da norma á formación da base documental dos procesos que contempla o Regulamento e o procesamento electrónico.

Mugardos, á data que figura na sinatura dixital á marxe

A secretaria, Paula E. Ramos Díaz

